

¿POR QUE

LER?



Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Ilustración:

Óscar Villán

Idea e textos:

Colectivo *Acatrotintas*: Mayte Leis, Cristina Novoa,
Magdalena de Rojas, Juana Vázquez

Impresión:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

D.L.: C 641-2007

Os nenos e as nenas queren saber o porqué das cousas e adoitan preguntar sen descanso ata recibir resposta. Fan ben porque a curiosidade, o gusto polo coñecemento é unha necesidade básica do ser humano, que precisa atoparlle un sentido ao mundo que o rodea. A familia ocúpase de atender as necesidades básicas dos máis novos:

- Porque precisan descansar, edúcanse os hábitos de sono.
- Porque necesitan alimentarse, regúlanse os horarios das comidas.
- Porque é necesario manter a saúde, aprenden hábitos de hixiene e coidado persoal.
- Porque aprenden xogando, resérvase un tempo diario para o xogo.
- Porque é indispensable comunicarse, falar e escoitar debe ser unha aprendizaxe dende os primeiros días.

¿Por que ler? Na busca das respostas a este e outros interrogantes, **CONTAMOS MOITO**. A lectura na sociedade actual é tamén unha necesidade básica porque:

- Lendo un xornal sabemos o que pasa no mundo.
- Nos libros atopamos historias que nos forman.
- Unha palabra escrita nun cartel pode guiar unha viaxe.
- En internet “está todo”.
- Unha información a tempo (nun xornal, nun anuncio, nun sinal, nunha carta) pode salvar unha vida.

Inculcar nos nenos e nas nenas hábitos de lectura é unha función das familias, xunto con outras institucións, para que se formen como cidadáns conscientes e libres.

Lerlles aos nenos e ás nenas dende ben pequenos e habitualos á lectura ten múltiples **vantaxes**. A experiencia do profesorado e diversos estudos demostran que os nenos que teñen na casa alguén que lles canta ou lles conta, que lles le e que dialoga con eles con frecuencia, adquiren antes e de maneira máis eficaz recursos para a aprendizaxe da lectura e da escritura. A lectura axuda a desenvolver a linguaxe, ampliar o vocabulario e comprender mellor distintos tipos de textos. Favorece a imaxinación e o achegamento a realidades propias ou alleas. A lectura compartida é, ademais, unha oportunidade de conversar e coñecer os seus intereses e inquiredanzas, os medos e ideas dos máis pequenos. Habituar os nenos á lectura de distintos tipos de texto e con finalidades diferentes, alimentar o seu gusto por coñecer e facilitar a busca de información, é un bo camiño para acadar o **éxito escolar**.



Se entendemos por **calidade de vida** ter cubertas as necesidades primarias e poder acceder aos bens culturais e á tecnoloxía actual, entre outros factores, a lectura sería un compoñente importante, na medida na que permite integrarse no conxunto de valores da comunidade na que se vive, posibilita o acceso á información e aos recursos culturais, facilita a formación persoal, achega vivencias gratificantes e, en definitiva, proporciona recursos para afrontar a vida.

A lectura é unha condición indispensable para a existencia de cidadáns informados, participativos e autónomos e con maiores posibilidades, polo tanto, de exercer os dereitos democráticos. Unha sociedade democrática ha ser unha **sociedade lectora**.



¿POR QUE
LER?



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Ordenación e Innovación Educativa

Bibliotecas
escolares
de Galicia

